



ORDENANZA FISCAL 4/2009 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, a que se refire o artigo 20.4.k) do citado Real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos polo Parque Municipal de Bombeiros nos casos de incendios e alarmas dos mesmos, afundimentos totais ou parciais de edificios e instalacións, ruínas, derribos, inundacións, salvamentos e outros análogos, sexa a solicitude de particulares interesados ou de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación de dito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

2. Non estará suxeito a esta taxa o servizo de prevención xeral de incendios nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes, coa excepción prevista no apartado seguinte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan usuarias das fincas sinistradas que foran obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales, os propietarios, usufrutuarios, arrendatarios ou quen ocupe de ditas fincas por calquera título.

2. No caso da prestación do servizo de salvamento de persoas e outros análogos, será suxeito pasivo contribuínte a persoa física ou xurídica e a entidade do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que os solicitara ou en cuxo interese redunde.

3. Terá a condición de substituto do contribuínte, no caso da prestación do servizo de extinción de incendios, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Estarán exentos aqueles contribuíntes empadroados no termo municipal de Pontevedra e cuxa unidade familiar teñan unha renda inferior ó salario mínimo interprofesional.

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de extinción de incendios, e todo en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais, que se empreguen na prestación do servizo, o tempo invertido neste, e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

Artigo 6. Cota tributaria

A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

Dentro do Termo municipal

A) Persoal. <i>Por bombeiro ou funcionario municipal que interveña no servizo e hora ou fracción de servizo</i>	16,92 €
B) Vehículos pesados: coche escaleira, brazo articulado, autotanque e asimilados. (B.U.L., B.R.L., B.R.P., F.S.V., B.U.P.). <i>Por unidade e hora ou fracción de servizo.</i>	74,04 €
C) Vehículos lixeiros, análogos e asimilados. <i>Por unidade e hora ou fracción de servizo</i>	47,60 €
D) Equipo de rescate en entrada. <i>Por hora ou fracción de servizo</i>	68,76 €
E) Grupo electróxico, electro bomba, moto bomba, serra, disco e similares. <i>Por hora ou fracción de servizo.</i>	34,90 €
F) Material lixeiro. <i>Por cada tramo de manguera de 15 metros e hora ou fracción de servizo.</i>	4,23 €
G) Xerador de espuma de alta expansión. <i>Por hora ou fracción de servizo.</i>	47,60 €
H) Material consumible	
H.1) Espumóxico. <i>Por quilogramo</i>	10,58 €
H.2) Extintor. <i>Por quilogramo</i>	10,58 €
H.3) Dispérsante. <i>Por quilogramo</i>	10,58 €
H.4) Equipos respiratorios <i>Por equipo e hora ou fracción de servizo</i>	10,58 €
I) Tarifas Mínimas:	
I.1) Tarifa mínima común: dereitos a liquidar con carácter mínimo pola prestación dos servizos.	126,93 €
I.2) Tarifa mínima para saídas a accidentes dentro do termo municipal.	232,70 €

Fóra do Termo municipal

As tarifas incrementaranse no dobre da contía fixada para o termo municipal de Pontevedra, incluídas as tarifas mínimas.	
Quilometraxe percorrida fóra do termo municipal de Pontevedra. <i>Por quilómetro</i>	1,33 €

Artigo 7. Devengo

1. A taxa devéngase cando se inicie a prestación dos servizos que constitúen o seu feito imponible. Para este efectos, enténdese que se inicia a prestación dos servizos cando saia do Parque a dotación correspondente.

2. O tempo de prestación efectiva dos servizos computarase tomando como momento inicial o da saída dos efectivos dos seus respectivos acuartelamentos, e como final, o de entrada dos mesmos, unha vez rematado o servizo.

3. As tarifas relativas a informes, certificacións e demais documentos análogos expedidos polo Servizo Municipal de Bombeiros serán reguladas na ordenanza fiscal relativa á expedición de documentos administrativos.

Artigo 8. Normas de xestión

1. De acordo cos datos que certifique o Parque de Bombeiros, o servizo de xestión tributaria deste Concello practicará a liquidación que corresponda, que será notificada ao suxeito pasivo.



2. Para a concesión da exención prevista no artigo 4.1, os contribuíntes deberán solicitalo acompañando a documentación acreditativa das circunstancias nas que se funda, dentro do prazo dun mes contado desde a data de notificación da liquidación. Transcorrido este prazo perderase o dereito á exención.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 27 de febreiro de 1997, aprobose polo propio Pleno na súa sesión do día 24 de outubro de 2008, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.